

EXPERIMENTOS NA CASA

VOLCAN DE NEVE

Materialis:

- Vídeo
- Bote de vidro
- Xabón para os pratos
- Vinagre
- Bicarbonato
- Colorante alimentario
- 1 bandexa

Pasos:

1. Enche $\frac{1}{4}$ de recipiente con vinagre
2. Engade unas gotas de colorante
3. Pon un chorro de xabón e remove
4. Coloca o bote sobre unha bandexa e espera a ver como o teu volcán entra en erupción


Explicación:

O vinagre máis o bicarbonato xuntos provocan unha reacción química que ocasiona una erupción que fará que o xabón comeza a liberar espuma e crezca ata saír do bote

* <https://www.youtube.com/watch?v=ysQPpmL1dzo>

XOGAMOS AOS DETECTIVES??

TINTA INVISIBLE



Materiais:

- Pincel ou bastoncillo de algodón
- Papel branco
- Limón
- Auga

Pasos

Exprime o zume de limón nun cuenco e engade unha cucharada de auga. Mestura , e coa axuda dun bastoncillo ou pincel, escribe a túa mensaxe nun papel.

Deixa secar.

Pide axuda a un adulto para o seguinte paso!!

Pon unha vela debaixo (sen poñer o papel demasiado cerca) e poderás ler a mensaxe.

Explicación

O zume de limón oxidase e ponse de cor marrón cando se quenta, por iso podes ler a mensaxe. Ademais de limón podes usar zume de laranxa, mel diluída en auga, leite e vinagre.

CROMATOGRAFÍA

Materiais:

- Vaso con auga
- Rotuladores
- Papel de cociña

Pasos

1. Pintamos un circulo no papel
2. Dobramos o papel en catro (forma de cono)
3. Metemos a punta do papel na auga, sen que toque o pintado.
4. Esperamos uns minutos

Explicación

Imos separar os distintos compoñentes da tinta do rotulador.

Sabedes que existen 3 cores primarias, e o resto de cores son mezcla de estas 3: maxenta, cian e amarelo

Vemos como a tinta comeza a esparcirse cara arriba e vai mudando a cor
Esto chámase cromatografía.



ATRAVESAMOS UNHA BOLSA

Materials:

- Bolsa de zip
- Lapis de cores afiaos
- auga

Pasos

1. Enchemos a bolsa con auga e a pechamos
2. Atravesamos a bolsa cos lapis
3. A auga non cae!!

Explicación

Este tipo de bolsas estan feitas de polímero os cales teñen unhas moléculas que fan a bolsa flexible.

Polo que cando atravesamos a bolsa cos lapis, estes deslizáñse entre as cadeas do polímero, e estas arrodean o lapis creando unha especie de barreira que non permite que a auga saia



BO TRABALLO!!

